

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 30 DE MARZO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día trinta de Marzo de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno, correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concellerios: Don Ricardo González Amaro, Don Xosé Prieto Pérez e Don Xosé Antonio Rodríguez Vázquez.

Está presente o Secretario accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno aproba por unanimidade o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 23 de Marzo pasado.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Non houbo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da Secretaría Xeral para O Turismo, solicitando apoio á Inspección que se está a realizar por parte desa Secretaría na instalación de establecementos públicos, cafés, bares e tabernas.

Partes semanais de cloración de augas do abastecemento do consumo públilco de San Paio e Ribadavia, emitidos pola farmaceutica titular.

Resultados das análises mínimas das augas potables de consumo público da Fonte da Prata.

Parte emitido polos servicios técnicos municipais sobre desprendemento de terras na estrada Castrelo e Subida a Santa Cristina, acordando a Comisión Municipal de Goberno o seguinte: cortar o camiño de Subida a Santa Cristina para evitar posibles danos, remitir un oficio a Delegación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda dando conta deste acordo e, por último solicitar dos servicios técnicos unha memoria na que consten os traballos a realizar.

Informe emitido polos servicios técnicos do Concello, sobre incidencia medio ambiental das obras da Autovia, acordando esta Comisión que, unha vez rematados tódolos traballos e retiradas as terras nas marxes do río deberán repoñerse ó seu estado orixinal así como tamén os islotes aló existentes.

#### 5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o encargo do proxecto básico e de execución de rehabilitación da Alameda de Ribadavia, 1ª fase: plataforma superior, dirección de obra, liquidación e recepción ó Arquitecto, Don Ildefonso Estévez Martínez.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda solicitar do MOPT, proceda a realiza-la iluminación pública da estrada N-120 (dende Ventosela ata o cruce da Franqueirán).

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención de 50.000 pesetas á Sociedade Club Artístico, para actividades musicais de acordo co convenio entre ambas partes.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención ó Club C. Ribeiro para o sector de balonmán, por importe de 200.000 pesetas, desglosando: 100.000 pesetas para o sector feminino e outras 100.000 pesetas para o sector masculino.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento a Fenosa, por importe 2.005.298 pesetas, por subministro de enerxía eléctrica.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento de 208.800 pesetas ó Arqueólogo, Don Manuel Herves

Raigoso, polos traballos seguintes na Fonte da Prata desta Vila: reseñas históricas, seguimento do trazado, topografía e planimetría.

E sendo as sete e media do serán, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.